

Protocolo para o funcionamento do **Banco de Libros** da ANPA "A Ferradura" do CEIP Pío XII. Curso 2013-14.

Obxectivo do banco de libros: Facilitar o empréstimo de libros de texto entre as familias dos nenos e nenas do CEIP Pío XII co fin de que os libros de texto que non se usan poidan ser empregados por outro neno ou nena. Neste proceso, unha familia actúa como doante e outra como receptora do libro/s, a ANPA "A Ferradura" actuará, sen lucro, só como intermediaria na xestión. Este ano, como fase inicial deste plan, solicitarase a doazón dos libros de texto correspondentes a 3º, 4º, 5º e 6º de primaria

Criterios para a entrega de libros: Intentarase maximizar o número de familias receptoras de libros de acordo co seguinte procedemento:

1. Ordénanse as peticións de libros para cada un dos cursos por orde alfabética do alumnado, excluindo preposicións nos apelidos tal e como actúa a Administración, e comezando polas letras que sorteia a Consellería de Educación no caso de empate no proceso de admisión (este ano "uk" para o primeiro apelido e "jñ" para o segundo apelido).
2. Ordénanse os libros nos seguintes bloques: 1. Coñecemento, 2. Inglés, 3. Lingua Castelá, 4. Lingua Galega, 5. Matemáticas, 6. Cidadanía, 7. Relixión.
3. Comézase a asignar libros do primeiro bloque ao primeiro alumno da lista ata rematar o bloque ou ata que todos os nen@s teñan ese libro. Continuase sucesivamente ata rematar todos os bloques.
4. No caso de aparecer máis libros continuaríase coa adxudicación onde se rematou, sempre que non se repita o libro. No caso de aparecer máis peticionarios de última hora, incorporaríanse ao final da lista e adxudicaríase prioritariamente o primeiro libro que aparecera sempre que os anteriores da lista xa tiveran un como mínimo.

Procedemento:

1. No mes de xuño, procederase ó anuncio do **Banco de Libros** entre os nenos e nenas de 3º a 6º do CEIP Pío XII, (ver Anexo I). Recolleranse as solicitudes das familias receptoras do 17 ó 19 de xuño no local da ANPA.
2. Os días 20 e 21 de xuño de 16:00 a 18:00h procederase á recollida dos libros doados no local da ANPA "A Ferradura". Cada libro recibido será etiquetado na parte interna da portada cun adhesivo que indicará as sucesivas familias receptoras e as datas de préstamo e devolución (ver Anexo II). A cada libro asignaráselle un número que aparecerá no adhesivo interno e noutro externo no canto do libro. A familia doante recibirá un xustificante de entrega dos libros (ver anexo III). Unha vez que o libro sexa recollido pola ANPA, darase de alta no ficheiro da base de datos.
3. En virtude dos criterios para a entrega de libros ás familias receptoras, na última semana de xuño elaborárase un listado das familias que recibirán o préstamo, xunto co(s) libro(s) que recibirán. A lista farase pública antes do 30 de xuño. As familias receptoras serán avisadas por correo electrónico ou telefonicamente para a inmediata entrega dos libros.
4. No momento da entrega, a familia receptora debe cubrir e entregar á ANPA o impreso do ANEXO IV, que a compromete á correcta conservación dos libros e a súa devolución na data establecida.